

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2024/12

DATA: xoves 1 de agosto de 2024

LUGAR: SALÓN DE PLENOS

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 22:37 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA accidental VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacta esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ ausentase a partir das 21:43 h

### ASISTEN

BNG  
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA  
SARELA BETANZOS FREIRE  
PP  
ANTONIO ISORNA VICENTE  
RAMON VICENTE VICENTE  
MARIA ELENA ABUIN CAROU  
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE  
PSdeG-PSOE  
MARIA ELENA OTERO OTERO  
OSCAR RIAL LAGO  
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA  
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO  
TAMARA GARCIA MUÑIZ  
Rianxo en Común  
JULIO ALCALDE HERMO  
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO  
JOSE ALBERTO ANGUEIRA GOMEZ

### AUSENTES

PP  
ALICIA CAROU ROMERO  
Rianxo en Común  
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

## ORDE DO DÍA

### PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN DE CAMBIO DE FINALIDADE DE PRÉSTAMO
2. CE 01/2024. CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA DIVERSOS INVESTIMENTOS MUNICIPAIS FINANCIADOS CON PRÉSTAMO
3. MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO E DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE RIANXO
4. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOIRO, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL PARA A XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE BOIRO, A POBRA DO CARAMIÑAL E RIANXO 2024-2025 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR332A).
5. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 620/2024 DE 03/07/2024 ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS POSTAIS DA FEGAMP
6. ADHESIÓN CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, DODRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, PARA REGULAR O PROXECTO PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS
7. APROBAR A INSTALACIÓN DUN POSTO DE ACTUALIZACIÓN DE DOCUMENTACIÓN (PAD) NO CONCELLO DE RIANXO
8. CONVENIO COA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU) PARA DELEGAR A COMPETENCIA DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

### PARTE DE CONTROL

9. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA
11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: SUBA DO CANÓN QUE OS CONCELLOS ABONAN A SOGAMA POLA XESTIÓN DOS SEUS RESIDUOS
12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE: MODIFICACIÓNS DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS RELATIVAS AO SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE RIANXO

13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

14. ROGOS E PREGUNTAS

#### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000012 e identificado pola pegada dixital:

**bf4abaa927de0fd9bbdfa154d5cabaf8e982ce4a6eaaaa4959e9282e2c57ec54**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=J4SPu73oX8M>**

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

#### 1 APROBACIÓN DE CAMBIO DE FINALIDADE PRÉSTAMO

Dáse lectura da proposta presentada:

Expte.: 2024/X999/001001

Na contabilidade municipal consta o seguinte proxecto de gasto, financiado cun préstamo concertado coa entidade BBVA, ingresado e amortizado na súa totalidade:

- Proxecto de gasto: 2013/2/6NBIS/1/1
- Descrición: Adquisición de 58,50m na Martela
- Aplicación orzamentaria: 9201.62200
- Importe: 23.408,31 €

O gasto habilitado nese proxecto de gasto (23.408,31 €) provén do ano 2013 e incorporouse anualmente, en previsión de que se executase nalgún momento. Non obstante, non está prevista

a súa execución inmediata na finalidade indicada.

Por outra banda, existen necesidades de investimento, que teñen carácter prioritario e que, os distintos departamentos solicitaron a súa inclusión no Orzamento de 2024.

Buscando unha aplicación eficiente dos recursos dispoñibles, este Goberno considera óptimo aprobar o cambio de finalidade do préstamo que permita destinar o antedito remanente de crédito aos seguintes investimentos:

Descrición da actuación	Prog	Econ	Proxecto	Importe
Colocación de tarima nas antigas escolas da Atalaia, actual sede do CRA	323	62200	2024/2/6/1/1	1.500,00
Adquisición do material para o desenvolvemento do programa "SINTAXE"	323	62900	2024/2/6/1/1	3.000,00
Postes e redes de voleibol para as praias	341	62900	2024/2/6/1/1	300,00
Mellora da seguridade no pavillón polideportivo José Manuel Abuín "Chema"	342	63200	2024/2/6/1/1	2.500,00
Instalacións deportivas. Nevera	342	62300	2024/2/6/1/1	400,00
Instalacións deportivas. Protectores de canastras	342	62900	2024/2/6/1/1	750,00
Investimentos de reposición nos banquiños do campo de fútbol municipal da Lomba	342	63200	2024/2/6/1/1	2.700,00
Investimentos de reposición na grada sur do Campo de fútbol municipal de Vilas	342	63200	2024/2/6/1/1	6.428,00
Instalacións deportivas. Reposición de portas nos campos de fútbol municipais	342	63200	2024/2/6/1/1	2.637,31
Mobiliario e equipamento para as dependencias municipais	9201	62500	2024/2/6/1/1	3.193,00
<b>Total</b>				<b>23.408,31</b>

A Intervención Municipal emitiu o seu informe de control financeiro coas seguintes conclusións:

#### "4. CONCLUSIONES

1. De acordo co apartado anterior, o procedemento de cambio de finalidade esixe a súa aprobación polo Pleno da Corporación co quórum de maioría absoluta, co fin de garantir os requisitos do acordo.
2. Tras a adopción deste acordo, deberá tramitarse un expediente de crédito extraordinario, financiado con remanente de tesourería, concretamente, con exceso de financiamento afectado.

3. A proposta de acordo considérase suxeita a dereito, salvo no relativo á acreditación da titularidade dunha competencia propia en materia de Educación no proxecto Sintaxe.”

En relación ás ditas conclusións, cómpre sinalar que o Proxecto SINTAXE é un método pedagóxico cuxo interese trascende o educativo. Este innovador método de gramática ten as súas raíces en Rianxo e a súa proxección é internacional, pois está implementado en Suíza. O seu éxito levouno a ser noticia nos medios de comunicación e a participación do Concello de Rianxo serve para situar o noso municipio como un referente na innovación fóra das nosas fronteiras.

En consecuencia, este proxecto supón o exercicio da competencia non só de Ensino, senón tamén da promoción da Cultura ou de Turismo, ambas competencias propias de titularidade municipal.

Á vista do exposto, PROPOÑO:

#### PRIMEIRO

Aprobar o cambio de finalidade dos préstamos vinculados aos seguintes proxectos de gasto de modo que queden como segue:

1) Datos do préstamo:

- Entidade: BBVA
- Concepto: 87010 (procede de 91300)
- Importe: 23.408,31 €

2) Finalidade de orixe:

Descrición da actuación	Prog	Econ	Proxecto	Importe
Adquisición de 58,m na Martela	9201	62200	2013/2/6NBIS/1	23.408,31
<b>Total</b>				<b>23.408,31</b>

3) Finalidade proposta do préstamo:

Descrición da actuación	Prog	Econ	Proxecto	Importe
Colocación de tarima nas antigas escolas da Atalaia, actual sede do CRA	323	62200	2024/2/6/1/1	1.500,00
Adquisición do material para o desenvolvemento	323	62900	2024/2/6/1/1	3.000,00

Descrición da actuación	Prog	Econ	Proxecto	Importe
do programa "SINTAXE"				
Postes e redes de voleibol para as praias	341	62900	2024/2/6/1/1	300,00
Mellora da seguridade no pavillón polideportivo José Manuel Abuín "Chema"	342	63200	2024/2/6/1/1	2.500,00
Instalacións deportivas. Nevera	342	62300	2024/2/6/1/1	400,00
Instalacións deportivas. Protectores de canastras	342	62900	2024/2/6/1/1	750,00
Investimentos de reposición nos banquiños do campo de fútbol municipal da Lomba	342	63200	2024/2/6/1/1	2.700,00
Investimentos de reposición na grada sur do Campo de fútbol municipal de Vilas	342	63200	2024/2/6/1/1	6.428,00
Instalacións deportivas. Reposición de portas nos campos de fútbol municipais	342	63200	2024/2/6/1/1	2.637,31
Mobiliario e equipamento para as dependencias municipais	9201	62500	2024/2/6/1/1	3.193,00
<b>Total</b>				<b>23.408,31</b>

Por todo o exposto, propónse ao órgano competente en virtude da delegación efectuada a adopción do seguinte

Dado que os importes baséanse en orzamentos e teñen o carácter de estimativos, as economías que se produzan poderán compensar un maior gasto nas actuacións relacionadas, de ser o caso, dentro dos límites permitidos pola normativa das facendas locais.

A efectividade do cambio de finalidade queda condicionada á entrada en vigor do crédito extraordinario 01/2024, que inclúe as modificacións orzamentarias precisas para executar este acordo.

#### SEGUNDO

Dar conta deste acordo aos Departamentos de Tesourería e Intervención.

#### DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 24/07/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

## 2 CE 01/2024. CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA DIVERSOS INVESTIMENTOS MUNICIPAIS FINANCIADOS CON PRÉSTAMO

Dáse conta da proposta presentada:

Expte.: 2024/T002/000058

<b>Núm. expte. Crédito extraordinario</b>	CE 01/2024
<b>Importe da modificación orzamentaria</b>	23.408,31
<b>Tipo de financiamento</b>	Remanente de tesourería: exceso de financiamento afectado (EFA)
<b>Finalidade da modificación</b>	Investimentos diversos

### I. MOTIVACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Durante o proceso de elaboración do Orzamento de 2024, as diferentes áreas indicaron as súas necesidades de gasto, incluíndo os investimentos a acometer que consideraron prioritarios para o funcionamento dos servizos públicos correspondentes. Entre elas figuran as seguintes:

<b>Descrición da actuación</b>	<b>Importe</b>
Colocación de tarima nas antigas escolas da Atalaia, actual sede do CRA	1.500,00
Adquisición do material para o desenvolvemento do programa "SINTAXE"	3.000,00
Postes e redes de voleibol para as praias	300,00
Mellora da seguridade no pavillón polideportivo José Manuel Abuín "Chema"	2.500,00
Instalacións deportivas. Nevera	400,00
Instalacións deportivas. Protectores de canastras	750,00
Investimentos de reposición nos banquiños do campo de fútbol municipal da Lomba	2.700,00
Investimentos de reposición na grada sur do Campo de fútbol municipal de Vilas	6.428,00
Instalacións deportivas. Reposición de portas nos campos de fútbol municipais	2.637,31

Descrición da actuación	Importe
Mobiliario e equipamento para as dependencias municipais	3.193,00
<b>Total</b>	<b>23.408,31</b>

Como se observa, trátase de investimentos de mantemento e reposición, polo que non terán efectos negativos na sostibilidade financeira a medio prazo. No caso do proxecto de Sintaxe, se ben estase a incorrer nuns gastos iniciais para poñelo en marcha, tanto de investimento como correntes, o impacto terá lugar, especialmente, no exercicio corrente. De haber algún no seguinte, non tería relevancia no conxunto do orzamento. Non se prevé ningún fluxo de gastos a medio prazo, polo que non afectaría a un posible incumprimento das regras fiscais nin poría en perigo a sostibilidade financeira.

Por outra banda, na contabilidade municipal consta o seguinte proxecto de gasto, financiado cun préstamo concertado coa entidade BBVA, ingresado e amortizado na súa totalidade, pero cun remanente de crédito de gasto que quedou sen executar:

- Proxecto de gasto: 2013/2/6NBIS/1/1
- Descrición: Adquisición de 58,50m na Martela
- Aplicación orzamentaria: 9201.62200
- Importe: 23.408,31 €

Este remanente de crédito de 23.408,31 € deuse de alta no ano 2013 e foise incorporando anualmente aos exercicios seguintes, en previsión de que se executase nalgún momento. Actualmente, non está prevista a súa execución inmediata na finalidade indicada.

Co fin de utilizar do xeito máis eficiente posible os recursos dispoñibles, este Goberno considerou conveniente aprobar un cambio de finalidade do préstamo que permita destinar o antedito remanente de crédito aos investimentos citados anteriormente. Con este obxectivo elaborouse o expediente correspondente, no que a Intervención Municipal indicou que debería tramitarse un expediente de crédito extraordinario financiado con exceso de financiamento afectado para materializar no orzamento o dito cambio de fin.

## II. GASTOS FINANCIADOS

Os gastos incluídos nesta proposta de modificación son os seguintes:



Descrición da actuación	Prog	Econ	Proxecto	Importe
Colocación de tarima nas antigas escolas da Atalaia, actual sede do CRA	323	62200	2024/2/6/1/1	1.500,00
Adquisición do material para o desenvolvemento do programa "SINTAXE"	323	62900	2024/2/6/1/1	3.000,00
Postes e redes de voleibol para as praias	341	62900	2024/2/6/1/1	300,00
Mellora da seguridade no pavillón polideportivo José Manuel Abuín "Chema"	342	63200	2024/2/6/1/1	2.500,00
Instalacións deportivas. Nevera	342	62300	2024/2/6/1/1	400,00
Instalacións deportivas. Protectores de canastras	342	62900	2024/2/6/1/1	750,00
Investimentos de reposición nos banquiños do campo de fútbol municipal da Lomba	342	63200	2024/2/6/1/1	2.700,00
Investimentos de reposición na grada sur do Campo de fútbol municipal de Vilas	342	63200	2024/2/6/1/1	6.428,00
Instalacións deportivas. Reposición de portas nos campos de fútbol municipais	342	63200	2024/2/6/1/1	2.637,31
Mobiliario e equipamento para as dependencias municipais	9201	62500	2024/2/6/1/1	3.193,00
<b>Total</b>				<b>23.408,31</b>

### III. XUSTIFICACIÓN DA PROCEDENCIA DA MODIFICACIÓN

Tendo en conta todo o exposto, quedan xustificadas os seguintes extremos que motivan a tramitación dun crédito extraordinario:

- **Gasto excepcional que non se pode demorar ata o exercicio seguinte:** os investimentos incluídos neste crédito extraordinario teñen carácter prioritario, xa que se trata de actuacións menores, fundamentalmente de reposición, que pretenden mellorar o estado de diferentes instalacións municipais. Priorízouse a reposición de investimentos danados que poden supoñer perigo de accidentes, especialmente naquelas instalacións que albergan un maior número de persoas.
- **Non existe crédito axeitado e suficiente:** no orzamento vixente non existe crédito específico para estes gastos.

- **Acredítase a existencia dun recurso suficiente para tramitar a modificación orzamentaria:** utilizarase o remanente de tesourería, concretamente, o exceso de financiamento afectado.

#### IV. APLICACIÓNS E CONCEPTOS DE GASTOS E INGRESOS ORZAMENTARIOS:

As aplicacións orzamentarias afectadas, de gastos e de ingresos son as seguintes:

##### Estado de gastos

Descrición da actuación	Prog	Econ	Proxecto	Importe
Colocación de tarima nas antigas escolas da Atalaia, actual sede do CRA	323	62200	2024/2/6/1/1	1.500,00
Adquisición do material para o desenvolvemento do programa "SINTAXE"	323	62900	2024/2/6/1/1	3.000,00
Postes e redes de voleibol para as praias	341	62900	2024/2/6/1/1	300,00
Mellora da seguridade no pavillón polideportivo José Manuel Abuín "Chema"	342	63200	2024/2/6/1/1	2.500,00
Instalacións deportivas. Nevera	342	62300	2024/2/6/1/1	400,00
Instalacións deportivas. Protectores de canastras	342	62900	2024/2/6/1/1	750,00
Investimentos de reposición nos banquiños do campo de fútbol municipal da Lomba	342	63200	2024/2/6/1/1	2.700,00
Investimentos de reposición na grada sur do Campo de fútbol municipal de Vilas	342	63200	2024/2/6/1/1	6.428,00
Instalacións deportivas. Reposición de portas nos campos de fútbol municipais	342	63200	2024/2/6/1/1	2.637,31
Mobiliario e equipamento para as dependencias municipais	9201	62500	2024/2/6/1/1	3.193,00
<b>Total</b>				<b>23.408,31</b>

##### Estado de ingresos

Descrición	Concepto	Importe
Remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado	87010	23.408,31
<b>Total</b>		<b>23408,31</b>

A proposta da Alcaldía do cambio de finalidade establece o seguinte:

*"Dado que os importes baséanse en orzamentos e teñen o carácter de estimativos, as economías que se produzan poderán compensar un maior gasto nas actuacións relacionadas, de ser o caso, dentro dos límites permitidos pola normativa das facendas locais."*

Dado o carácter estimativo dos gastos das actuacións incluídas neste CE 01/2024, autorízase a que os excesos de gasto poidan compensarse coas economías xeradas noutras actuacións, sen que ilo requira un novo acordo de cambio de finalidade.

Esta compensación debe cumprir:

- Que os gastos se refiran a actuacións previstas no orzamento.
- Que os gastos compensados pertencen ao mesmo nivel de vinculación xurídica.

O 18/07/2024 a Intervención emitiu informe favorable a esta proposta.

En virtude do exposto, PROPOÑO:

PRIMEIRO

Aprobar inicialmente o crédito extraordinario 01/2024, que afecta ás seguintes aplicacións de ingresos e gastos:

#### Estado de gastos

Descrición da actuación	Prog	Econ	Proxecto	Importe
Colocación de tarima nas antigas escolas da Atalaia, actual sede do CRA	323	62200	2024/2/6/1/1	1.500,00
Adquisición do material para o desenvolvemento do programa "SINTAXE"	323	62900	2024/2/6/1/1	3.000,00
Postes e redes de voleibol para as praias	341	62900	2024/2/6/1/1	300,00

Descrición da actuación	Prog	Econ	Proxecto	Importe
Mellora da seguridade no pavillón polideportivo José Manuel Abuín "Chema"	342	63200	2024/2/6/1/1	2.500,00
Instalacións deportivas. Nevera	342	62300	2024/2/6/1/1	400,00
Instalacións deportivas. Protectores de canastras	342	62900	2024/2/6/1/1	750,00
Investimentos de reposición nos banquiños do campo de fútbol municipal da Lomba	342	63200	2024/2/6/1/1	2.700,00
Investimentos de reposición na grada sur do Campo de fútbol municipal de Vilas	342	63200	2024/2/6/1/1	6.428,00
Instalacións deportivas. Reposición de portas nos campos de fútbol municipais	342	63200	2024/2/6/1/1	2.637,31
Mobiliario e equipamento para as dependencias municipais	9201	62500	2024/2/6/1/1	3.193,00
<b>Total</b>				<b>23.408,31</b>

### Estado de ingresos

Descrición	Concepto	Importe
Remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado	87010	23.408,31
<b>Total</b>		<b>23408,31</b>

Dado o carácter estimativo dos gastos das actuacións incluídas neste CE 01/2024, autorízase a que os excesos de gasto poidan compensarse coas economías xeradas noutras actuacións, sen que ilo requira un novo acordo de cambio de finalidade.

Esta compensación debe cumprir:

- Que os gastos se refiran a actuacións previstas no orzamento.
- Que os gastos compensados pertencen ao mesmo nivel de vinculación xurídica.

SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente de crédito extraordinario 01/2024 mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de 15 días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

#### TERCEIRO

No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica.

#### CUARTO

Darlle conta deste acordo á Intervención Municipal para que continúe coa tramitación do expediente.

### DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 24/07/2024, na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

### 3 MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO E DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE MUNICIPAL

Dáse conta da proposta presentada:

Expte.: 2024/X998/000007

#### ANTECEDENTES

O Pleno acordou aprobar na súa sesión ordinaria do 30/03/2023 os novos textos do Acordo Regulador do persoal funcionario municipal e o Convenio Colectivo do seu persoal laboral.

Durante a asúa aplicación detectouse, por unha parte, un erro na regulación da retribución polos

servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral, e por outro, unha redacción que podería dar lugar a confusión en relación á retribución da antigüidade do persoal laboral nas súas pagas extraordinarias.

O 22/01/2024 celebrouse a Mesa de Negociación que tratou estes temas e acordou modificar o Acordo Regulador e o Convenio Colectivo do persoal municipal co seguinte literal.

## ACORDO REGULADOR

- **CAPÍTULO XVI. SISTEMA RETRIBUTIVO; SECCIÓN 2ª. OUTRAS PERCEPCIÓNS ECONÓMICAS. Artigo 2. *Retribucións por servizos extraordinarios***

*Os servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral serán remunerados economicamente de forma que cada hora extraordinaria traballada será retribuída co valor dunha hora ordinaria de traballo incrementada nun 75%.*

*Para estes efectos, o valor da hora ordinaria de traballo calcularase dividindo o salario bruto anual entre a xornada de traballo anual vixente en cada momento. Entendese salario bruto anual, todas aquelas retribucións de carácter persoal asociados o posto desempeñado e que inclúe: salario base, complementos salariais, rateo da paga extra, antigüidade...*

*Esta modificación terá carácter retroactivo á data na que se deixaron de percibir os importes correspondentes ao valor da hora extra nas condicións que agora se aproban.*

- II. **CAPITULO XXI Disposición transitoria cuarta. Artigo 4. *Consolidación de dereitos adquiridos.***

*O regulado neste Acordo Regulador ten a consideración de dereito mínimo fronte os dereitos laborais e salariais adquiridos polo persoal laboral do concello de Rianxo con carácter previo a entrada en vigor deste Convenio que se entenden consolidados a tódolos efectos.*

## CONVENIO COLECTIVO

- **CAPÍTULO XVI. SISTEMA RETRIBUTIVO; SECCIÓN 2ª. OUTRAS PERCEPCIÓNS ECONÓMICAS. Artigo 2. *Retribucións por servizos extraordinarios***

*Os servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral serán remunerados economicamente de forma que cada hora extraordinaria traballada será retribuída co valor dunha hora ordinaria de traballo*

*incrementada nun 75%.*

*Para estes efectos, o valor da hora ordinaria de traballo calcularase dividindo o salario bruto anual entre a xornada de traballo anual vixente en cada momento. Entendese salario bruto anual, todas aquelas retribucións de carácter persoal asociados o posto desempeñado e que inclúe: salario base, complementos salariais, rateo da paga extra, antigüidade...*

*Esta modificación terá carácter retroactivo á data na que se deixaron de percibir os importes correspondentes ao valor da hora extra nas condicións que agora se aproban.*

## II. CAPITULO XXI Disposición transitoria sexta. **Artigo 6 Equiparación dos trienios**

*Todo o persoal laboral do Concello de Rianxo ten dereito a percibir, en concepto de complemento de antigüidade, trienios en contía equivalente á dos/as funcionarios/as, segundo o grupo correspondente a súa categoría. As contías serán as que fixen a Lei Xeral de Orzamentos do Estado, sen que lles sexa de aplicación a minoración que o complemento de antigüidade ten na paga extra de xuño e decembro. Esta equiparación sen minoración en pagas extras, manterase ata que se produza a total materialización do sistema retributivo ordinario previsto neste Convenio, no que o persoal laboral municipal será remunerado con arranxo á mesma estrutura e conceptos retributivos legalmente vixentes en cada momento para o persoal funcionario municipal. A aplicación desta equiparación terá efectos inmediatos desde a entrada en vigor deste Convenio, conforme ao establecido na disposición final primeira.*

## III. CAPITULO XXI Disposición transitoria oitava. **Artigo 8. Consolidación de dereitos adquiridos.**

*O regulado neste Convenio ten a consideración de dereito mínimo fronte os dereitos laborais e salariais adquiridos polo persoal laboral do Concello de Rianxo con carácter previo a entrada en vigor deste Convenio que se entenden consolidados a todos os efectos.*

## FUNDAMENTACIÓN

No caso do Convenio Colectivo, a modificación proposta está amparada no principio de condición máis beneficiosa para o traballador, consagrado no artigo 3.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que prevé *que en ningún caso poidan establecerse en prexuízo do traballador condicións menos favorables ou contrarias ás disposicións legais e convenios colectivos antes expresados.*

No caso do Acordo Regulador, aínda que non rexe o dito principio, a modificación xustifícase por manter os dereitos económicos do persoal funcionario e que estean equiparados, na medida do posible co persoal laboral.

O 19/07/2024 a Intervención emitiu informe favorable á proposta.

Seguindo o mesmo procedemento que para a súa aprobación, a modificación do Acordo Regulador e do Convenio Colectivo, o Pleno deberá aprobar o pacto acadado na Mesa Xeral de Negociación e, posteriormente, publicarse no BOP e remitirlos á autoridade competente.

Visto o exposto, PROPOÑO

PRIMEIRO

Aprobar a modificación do Acordo Regulador do persoal funcionario e o Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Rianxo, nos termos acordados pola Mesa Xeral de Negociación:

#### **ACORDO REGULADOR**

- **CAPÍTULO XVI. SISTEMA RETRIBUTIVO; SECCIÓN 2ª. OUTRAS PERCEPCIÓNS ECONÓMICAS. Artigo 2. Retribucións por servizos extraordinarios**

*Os servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral serán remunerados economicamente de forma que cada hora extraordinaria traballada será retribuída co valor dunha hora ordinaria de traballo incrementada nun 75%.*

*Para estes efectos, o valor da hora ordinaria de traballo calcularase dividindo o salario bruto anual entre a xornada de traballo anual vixente en cada momento. Entendese salario bruto anual, todas aquelas retribucións de carácter persoal asociados o posto desempeñado e que inclúe: salario base, complementos salariais, rateo da paga extra, antigüidade...*

*Esta modificación terá carácter retroactivo á data na que se deixaron de percibir os importes correspondentes ao valor da hora extra nas condicións que agora se aproban.*

- **CAPITULO XXI Disposición transitoria cuarta. Artigo 4. Consolidación de dereitos adquiridos.**

*O regulado neste Acordo Regulador ten a consideración de dereito mínimo fronte os dereitos laborais e salariais adquiridos polo persoal laboral do concello de Rianxo con carácter previo a entrada en vigor deste Convenio que se entenden consolidados a tódolos efectos.*

#### **CONVENIO COLECTIVO**

- I. **CAPÍTULO XVI. SISTEMA RETRIBUTIVO; SECCIÓN 2ª. OUTRAS PERCEPCIÓNS ECONÓMICAS. Artigo 2.**



### **Retribucións por servizos extraordinarios**

*Os servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral serán remunerados economicamente de forma que cada hora extraordinaria traballada será retribuída co valor dunha hora ordinaria de traballo incrementada nun 75%.*

*Para estes efectos, o valor da hora ordinaria de traballo calcularase dividindo o salario bruto anual entre a xornada de traballo anual vixente en cada momento. Entendese salario bruto anual, todas aquelas retribucións de carácter persoal asociados o posto desempeñado e que inclúe: salario base, complementos salariais, rateo da paga extra, antigüidade...*

*Esta modificación terá carácter retroactivo á data na que se deixaron de percibir os importes correspondentes ao valor da hora extra nas condicións que agora se aproban.*

#### **II. CAPITULO XXI Disposición transitoria sexta. Artigo 6 Equiparación dos trienios**

*Todo o persoal laboral do Concello de Rianxo ten dereito a percibir, en concepto de complemento de antigüidade, trienios en contía equivalente á dos/as funcionarios/as, segundo o grupo correspondente a súa categoría. As contías serán as que fixen a Lei Xeral de Orzamentos do Estado, sen que lles sexa de aplicación a minoración que o complemento de antigüidade ten na paga extra de xuño e decembro. Esta equiparación sen minoración en pagas extras, manterase ata que se produza a total materialización do sistema retributivo ordinario previsto neste Convenio, no que o persoal laboral municipal será remunerado con arranxo á mesma estrutura e conceptos retributivos legalmente vixentes en cada momento para o persoal funcionario municipal. A aplicación desta equiparación terá efectos inmediatos desde a entrada en vigor deste Convenio, conforme ao establecido na disposición final primeira.*

#### **III. CAPITULO XXI Disposición transitoria oitava. Artigo 8. Consolidación de dereitos adquiridos.**

*O regulado neste Convenio ten a consideración de dereito mínimo fronte os dereitos laborais e salariais adquiridos polo persoal laboral do Concello de Rianxo con carácter previo a entrada en vigor deste Convenio que se entenden consolidados a todos os efectos.*

#### **SEGUNDO**

Remitir as modificacións, xunto coa documentación do expediente que resulte preceptiva, á autoridade competente en materia de inscrición, rexistro, depósito e publicación, para a súa plena efectividade e entrada en vigor.

#### **TERCEIRO**

Facultar ao alcalde para realizar, no marco da súa habilitación competencial, cantas xestións e actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 24/07/2024, na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

**4 CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOIRO, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL PARA A XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE BOIRO, A POBRA DO CARAMIÑAL E RIANXO 2024-2025 (código de procedemento TR332A).**

Dáse lectura da proposta presentada:

**RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 635/2024 DE 8/07/2024 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E INNOVACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE BOIRO, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL,**

Con data 8 de xullo de 2024, ditase a Resolución da alcaldía no 635/2024, que a continuación se transcribe:

*RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOIRO, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL PARA A XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE BOIRO, A POBRA DO CARAMIÑAL E RIANXO 2024-2025 (código de procedemento TR332A).**

*Asunto: Solicitud de subvención para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia, e se convocan para o 2024.*

## ANTECEDENTES

Considerando a ORDE do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A), publicada no DOGA de data de 11 de xuño de 2024, nº 112.

Considerando o artigo 4 da Orde onde se establecen como entidades beneficiarias das devanditas subvencións ás entidades locais.

Considerando indispensable e de máxima urxencia prestar a aprobación da solicitude da subvención do Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2024/2025, posto que o prazo remata o 11 de xullo de 2024, e que a competencia para prestar aprobación da solicitude da subvención lle corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Resolución núm. 956/2023 de 20/07/2023.

Considerando que, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o alcalde podería avogar para sí as competencias delegadas atendendo á urxencia de este trámite.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

### PRIMEIRO

Avogar en relación á aprobación da solicitude da subvención do Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2024/2025; competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución da Alcaldía núm. 956/2023 de 20/07/2023, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### SEGUNDO

Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Innovación para a execución do Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, cun orzamento de 220.000€, solicitando unha axuda de 220.000€ para a realización de programas integrados para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, coas seguintes características:

-Duración do programa: 12 meses

-Ámbito de actuación: O Barbanza (Concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo e Riveira).

-Nº de persoas que se vai a atender: 100 persoas traballadoras desempregadas.

-Colectivos que se van a atender:

COLECTIVO	NÚMERO	PORCENTAXE
<i>Persoas menores de 30 anos con baixa cualificación</i>	38	38,00%
<i>Persoas con discapacidade</i>	6	6,00%
<i>Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero</i>	3	3,00%
<i>Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia e persoas en risco de exclusión</i>	3	3,00%
<i>Persoas menores de 30 anos (incluídos no grupo A)</i>	12	12,00%
<i>Persoas desempregadas de longa duración</i>	16	16,00%
<i>Mulleres (non incluídas no grupo A)</i>	22	22,00%
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>	<b>100,00%</b>

-Orzamento: 220.000,00 €

-Subvención solicitada: 220.000,00 €

-Cofinanciamento dos Concellos: 0,00 €

-Obxectivo da inserción laboral: 45%.

### **TERCEIRO**

*Aprobar o proxecto presentado polos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal para o Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2024/2025 recollido na memoria explicativa (anexo II).*

### **CUARTO**

*Aprobar o convenio de colaboración suscrito entre os Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal para o Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2023/2024 e aceptar o nomeamento de don José Ramón Romero García como representante legal para todos os efectos oportunos relacionados co convenio en cuestión. O contido do convenio é que segue literalmente:*

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOIRO, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL**

**PARA A XESTIÓN DO SERVIZO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE BOIRO, A POBRA DO CARAMIÑAL E RIANXO 2024-2025 CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SEGUINTE SUBVENCIÓN:**

*ORDE do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A).*

**REUNIDOS:**

*Os alcaldes:*

*Doutra parte: Don José Ramón Romero García, con DNI nº 33285513M, Alcalde do Concello de Boiro (CIF P1501100J) que actúa en nome de esta entidade.*

*Dunha parte: Don Julián Bustelo Abuín, con DNI nº 53795465Y, Alcalde do Concello de Rianxo (CIF. P1507300J) que actúa en nome de esta entidade.*

*Dunha parte: Don José Carlos Vidal Suárez, con DNI nº 33237427N, Alcalde do Concello de A Pobra do Caramiñal (CIF P1506800J) que actúa en nome de esta entidade.*

*Todos actúan en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 61 da lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.*

*Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:*

**EXPOÑEN:**

- *Que o actual escenario financeiro e a situación socio-laboral dos concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal precisa buscar solucións ao desemprego e ás necesidades formativas do mercado de traballo.*
- *Que os concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades, nos termos establecidos nas leis 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, establecendo esta última que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade dos veciños.*
- 3. *A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición como de funcionamento e xestión, que provoca que, en ocasións, a implantación ou o mantemento dos servizos resulte antieconómico ou excesivamente oneroso para a entidade, sendo necesario arbitrar medios para rebaixar esa gravosidade.*
- IV. *Que, entre os medios que se poden establecer para poder prestar aos veciños actividades ou servizos que se consideren imprescindibles ou necesarios para mellora nas relacións veciñais*

*destaca a colaboración entre administracións coa fin de poñer en común recursos para ofrecer, igualmente en común, aqueles servizos e actividades. Máis concretamente, a colaboración pode arbitrarse a través do asociacionismo municipal para solicitar subvencións de cara á xestión de servizos compartidos que permitan prestarlle os servizos á cidadanía en condicións de igualdade.*

- V. *O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos, ou inserirse nos mesmos con carácter previo vinculante ou non á resolución que lles poña fin.*

*Os citados instrumentos deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervinientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, e o prazo de vixencia, debendo publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estiveran destinadas.*

*Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.*

- VI. *Que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten convocada a ORDE do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A), podendo ser beneficiarios os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este, sempre s teñan unha media de paro rexistrado no ano 2023 superior a 500 persoas no ámbito territorial do proxecto, agás cando a solicitude agrupe a cando menos tres concellos, ou dous no caso de que un deles sexa resultado da fusión de dous ou máis Concellos.*
- VII. *Que cada solicitante debe cumprir os requisitos esixidos pola Consellería de Comercio e Emigración nas bases reguladoras da subvención: ORDE do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A).*
- *Que os medios necesarios para que cada un dos concellos asinantes realicen por si sos a actuacións do programa, dende o inicio da solicitude, na posterior xestión do programa, e ata a súa finalización, resultan antieconómicos e moi gravosos para os intereses dos mesmos, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios, cando se pretende acadar mesma fin, polo que resulta máis eficiente empregar un servizo común.*

- III. *Que os concellos asinantes pretenden acadar a mesma fin, que é a de executar a actuación descrita na Orde. Por iso, en aras dunha maior eficacia administrativa e en aplicación dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan desenvolver a actuación conxunta de posta en práctica do Programa Integrado e presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo ás convocatorias de subvencións da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2024 e 2025.*
- IV. *Que os concellos asinantes formalizan o presente convenio para compartir a posta en práctica do Programa Integrado de Emprego dirixido dos Concellos de Boiro, A Pobra e Rianxo 2024-2025 ao abeiro do anterior e cara a facilitar unha posible e real xestión deste servizo municipal que acade unha economía de escala e posibilite o posterior mantemento do servizo.*

*Por todo o anterior, e co obxecto de acadar a fin proposta, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes*

#### **CLÁUSULAS**

**Primeira.- Obxecto.-** Os concellos asinantes acordan presentar un programa conxunto para compartir o servizo "Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, A Pobra e Rianxo 2024-2025" coa fin de solicitar financiamento á Consellería Emprego, Comercio e Emigración e establecer o réxime de organización e funcionamento asociado.

**Segunda.- Obxectivos.-** A prestación asociada do Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2024-2025, baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración e ten como obxectivo principal mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, tales como: información, orientación e asesoramento, formación transversal en novas tecnoloxías e/ou en idiomas, técnicas de coaching, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a busca de emprego, habilidades sociais e obradoiros de entrevista, fomento da capacidade emprendedora, prospección empresarial, emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes, formación para o emprego, prácticas profesionais non laborais e mobilidade xeográfica.

**Terceira.- Ámbito de aplicación.-** O ámbito territorial é a totalidade dos termos municipais de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal promotores do Programa Integrado de Emprego, extendéndose á totalidade da Comarca do Barbanza en canto posibilidade de execución de accións e selección de participantes. Este ámbito poderase sobrepasar dado que, pola natureza das accións formativas que se impartan para a mellora do nivel da empregabilidade das persoas participantes, é posible que aquelas se impartan fora do límite dos concellos.

**Cuarta.- Sede do servizo.-** A sede situarse no concello de Boiro.

**Quinta.- Representación do servizo.-** Os concellos colaboradores designan como representante legal a D. José Ramón Romero García, Alcalde do Concello de Boiro, para os efectos oportunos en relación con este convenio, tales como presentar solicitudes, xustificar a subvención, etc.

**Sexta.- Xestión administrativa do servizo.-** A xestión administrativa será desenvolvida polo Concello de Boiro en todo o relacionado co persoal, coa contratación administrativa, xestión de axudas, xestión ordinaria etc., sen que isto supoña menoscabo de competencias de cada concello.

**Sétima.- Financiamento do servizo.-** O proxecto será realizado mediante a seguinte vía de financiamento:

- Solicitud de subvención de 220.000,00€, importe máximo establecido pola subvención regulada na ORDE do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A).

**Oitava.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo-** Os concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal poñerán os medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo dos que dispoñan para levar a cabo o Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, A Pobra e Rianxo, sen prexuízo de recorrer a alugueiros ou realizar subcontratación daqueles, medios, útiles de traballo necesarios e específicos ou particulares para unha actividade formativa, e dos que pola súa particularidade non sexa habitual nin de costume a súa posesión por unha administración pública. Así mesmo disporán dos medios precisos para acadar unha selección de participantes no Programa Integrado de Emprego acordes aos obxetivos do mesmo, así como para a participación nas actividades propostas. Poñeranse a disposición do programa os locais máis axeitados para as diversas actividades que integran o proxecto.

**Novena.- Organización do servizo.-** Buscarase que as actuacións se desenvolvan en instalacións dos tres concellos participantes, tendo en conta as particularidades do programa, e requisitos esixibles para proceder á impartición da formación esixida na ORDE do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A). Poñeranse a disposición do programa locais para un traballo máis próximo e estreito cos participantes.

**Décima.- Vixencia.-** O presente convenio terá vixencia ata o día 31 de decembro de 2025 (incluído) ou en todo caso ata a terminación do Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, A Pobra e Rianxo 2024-2025, unha vez se entenda concedida a subvención para a súa execución.

Non se prevé a súa prorroga.

**Décimo primeira.- Resolución.-** Será motivo de resolución calquera das seguintes causas:

- III. O incumprimento total ou parcial das cláusulas ou a alteración esencial do seu contido.
- IV. O transcurso do prazo máximo de vixencia
- V. O mutuo acordo entre as partes.
- VI. A extinción ou non concesión da axuda para manter o Programa de Emprego dos Concellos da Pobra e Boiro.



VII. *Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio*

**Décimo segunda.- Natureza Administrativa.-** Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose, para os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

**Décimo terceira.-Xurisdición competente.-** A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a súa natureza administrativa. Porén, as partes comprométense prioritariamente a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir ao executar o presente convenio.

*E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio.*

*Boiro, asinado dixitalmente*

<i>O Alcalde de Boiro</i>	<i>O Alcalde de Rianxo</i>	<i>O Alcalde de A Pobra do Caramiñal</i>
<i>José Ramón Romero García</i>	<i>Julián Bustelo Abuín</i>	<i>José Carlos Vidal Suárez</i>

”.

#### **QUINTO**

*Aceptar o nomeamento de a D. José Ramón Romero García, alcalde do Concello de Boiro, con representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria correspondan á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ante a Consellería de Emprego, Comercio e Innovación.*

#### **SEXTO**

*Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na ORDE do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A), publicada no DOGA de data de 11 de xuño de 2024, nº 112.*

#### **SÉPTIMO**

*Nomear a don Jose Ramón Romero García, alcalde do Concello de Boiro para todos os actos relacionados coa presente solicitude.*

#### **OITAVO**

*Dar Conta da presente resolución ao Pleno da corporación.*

En vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

#### **PRIMEIRO**

Ratificar a Resolución da Alcaldía número 635/2024 de data 8/07/2024, nos termos indicados na mesma.

#### **SEGUNDO**

Remitir o certificado do presente acordo ao Concello de Boiro para as xestións arriba sinaladas.

#### **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA**

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 24/07/2024 na que se ditaminou.

Ábrese unha quenda de debate e sométese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 6 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e nove abstencións (dos 4 membros do grupo PP e 5 membros de PSOE) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

#### **5 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 620/2024 DE 03/07/2024 ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS POSTAIS DA FEGAMP**

Dáse conta da proposta presentada:

Con data 3 de xullo de 2023, ditase a Resolución da alcaldía no 620/2024, que a continuación se transcribe:

##### *RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

##### ***Adhesión á Central de Contratación de Servizos Postais da FEGAMP***

**PRIMEIRO:** *A Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao*

*amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.*

**SEGUNDO:** *O Concello de Rianxo ten manifestado o seu interese na contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e, polo tanto, está interesada en formalizar a adhesión á Central de Contratación creada pola FEGAMP.*

*Xa que logo, sendo de interese para este Concello a utilización da Central de Contratación da FEGAMP, en atención ao exposto, e no uso das atribucións dispostas na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:***

**1º.-** *Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.*

**2º.-** *Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.*

**3º.-** *Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.*

**4º.-** *Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, o Concello de Rianxo obrígase a:*

- *Designar a Vanessa Reboredo Fraga, Secretaria accidental do Concello de Rianxo, con teléfono de contacto 881862178, e correo electrónico [secretaria@concelloderianxo.gal](mailto:secretaria@concelloderianxo.gal), para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles.*
- *Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP tanta información e documentación lle sexa requerida en relación coa execución dos servizos contratados.*
- *Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.*
- *Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.*
- *En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora: Oficina Contable INTERVENCIÓN LA0002313, Órgano Xestor ALCALDÍA LA0002297, Unidade tramitadora SERVICIOS XERAIS LA0004771.*

- *Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.*

*5º.- Facultar a Don Julián Bustelo Abuin, alcalde-presidente do Concello de Rianxo, para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.*

*A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.*

*6º Dar conta deste acordo ao Pleno da corporación para a súa ratificación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.*

En vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

#### **PRIMEIRO**

Ratificar a Resolución da Alcaldía número 620/2024 de data 03/07/2024, nos termos indicados na mesma.

#### **SEGUNDO**

Remitir o certificado do presente acordo a FEGAMP para as xestións arriba sinaladas.

### **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA**

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVICIOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 24/07/2024, na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 4 votos a favor (dos 4 membros do grupo Rianxo en Común), catro abstencións (dos 4 membros do grupo PP) e sete votos en contra (dos 5 membros do grupo PSOE e 2 membros do BNG) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **NON APROBADA**

**6 ADHESIÓN CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A**

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, DODRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, PARA REGULAR O PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICO**

Dáse conta da proposta presentada:

Convenio de Cooperación "CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, DODRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, PARA REGULAR O PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS"

Este convenio ten por obxecto renovar a colaboración dos concellos de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, a traves unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira,

Visto o informe de secretaría de 3/07/2024,

En aras as facultades concede a lexislación vixente, proponho ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO**

Manifestar a vontade de adhesión ao "CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, DODRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, PARA REGULAR O PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS".

**SEGUNDO**

Nomear representantes no Consello de Dirección do Concello de Rianxo a Don Julián Bustelo Abuín, e a Dna. Olalla Figueira Castaño.

**TERCEIRO**

Facultar ao alcalde para realizar e asinar as xestións necesarias para dita cooperación.

#### CUARTO

Remitir certificado do presente acordo ao Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación da Coruña.

#### QUINTO

Proceder á publicación do presente convenio no portal de transparencia da Sede Electrónica da Corporación, unha vez formalizado polas partes intervenientes aos efectos do seu xeral coñecemento, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

### **CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, DODRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, PARA REGULAR O PROXECTO “PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS”**

Na cidade da Coruña, a ... de ... de

#### IV. REUNIDOS

D. ..., deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamentos da Deputación Provincial da Coruña,

D. ...., alcalde-presidente do concello de Boiro

D....., alcalde-presidente do concello de Dodro

D....., alcalde-presidente do concello de Pobra do Caramiñal

D...., alcalde-presidente do concello de Rianxo

D...., alcalde-presidente do concello de Ribeira

D...., alcalde-presidente do concello de Porto do Son

#### V. MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os

esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os concellos –especialmente os pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así coma polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

## VI. MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS E OU PROXECTOS CONSORCIADOS

Entre ambos os dous puntos, a Deputación Provincial da Coruña propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os concellos integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

## VII. ESQUEMA DE OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sostible o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan



os principios de eficiencia, calidade e sostibilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínte, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sostibilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores da arte rupestre deste territorio.

#### VIII. ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para regular o **proxecto Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos**, de acordo coas seguintes BASES:

#### IX. PRIMEIRA.- DEFINICIÓN.

- V. Os concellos de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto **Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos**, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

VI. O presente convenio formúlase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, ao mesmo resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

VII. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

X. SEGUNDA.- NATUREZA E INTERPRETACIÓN.

VIII. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, crea un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

IX. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

X. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso, en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

XI. TERCEIRA.- OBXECTO, FINS, PRINCIPIOS E COORDINACIÓN.

● As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes co fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do patrimonio arqueolóxico existente nos respectivos termos municipais, no marco das competencias propias que

lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.

- As actuacións concretas que se van levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades que se han desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na Base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

- As actuacións xestionadas conxuntamente rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sostibilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

- Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurarase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

## XII. CUARTA.- ÁMBITO TERRITORIAL E FUNCIONAL DA XESTIÓN CONXUNTA DO PROXECTO.

- A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Boiro, Dodro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira.

- As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos e servizos técnico-administrativos.

- De igual xeito, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, a conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado

desenvolvemento do proxecto.

XIII. QUINTA.- LUGAR DE REUNIÓNS E ARQUIVO DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

● As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento ostente a Presidencia.

● Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do servizo de Promoción económica, turismo e emprego.

XIV. SEXTA.- DURACIÓN.

XV.

1. A duración deste convenio circunscríbese ao sinalado polo convenio marco aprobado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión que tivo lugar na data de 27.04.2012, no que se establecen as bases de colaboración entre a Deputación Provincial e diversos Concellos para regular a comunidade intermunicipal de servizos públicos consorciados, e neste sentido se establecía que estes criterios xerais terán do convenio marco terán vixencia indefinida.

2. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h.1º da Lei 30/2015, do réxime xurídico do sector público, as entidades asinantes deberán comprometerse cada catro (4) anos a manter a súa participación e a súa vinculación as bases do presente convenios, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade.

3. No caso de que algunha das partes instase á súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar a dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva.

**Sétima.- Procedemento para a xestión conxunta do proxecto.**

1. Para a xestión conxunta do proxecto deberá tramitarse un expediente para redactar unha Memoria e Plan de actuación que deberá contar, entre outros, cos seguintes apartados:

- Antecedentes, medios persoais e materiais necesarios adscritos, ingresos e gastos orzamentarios.
- Delimitación e alcance das prestacións a realizar concretadas nun Plan director do proxecto.

- Estudo económico-financeiro, no que se fixen os custos unitarios das prestacións a realizar en cada un dos concellos e forma de financialas (recursos xerais, taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluírá un borrador de ordenanza de taxas ou prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.
- Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas a realizar polo persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.
- Proposta sobre a forma de xestión de cada unha das accións, contratos de obras, servizos ou subministracións, mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña.
- Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.

2. De igual xeito, tamén será un requisito previo para a xestión compartida dalgún servizo, a aprobación da Memoria e Programa de actuación, así como, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos (no caso de realización de prestacións individualizadas co carácter de servizo público), que deberán tramitarse consonte ao seguinte procedemento:

- Aprobación inicial da Memoria e Programa de actuación por cada un dos concellos, así coma, no seu caso, regulamento do servizo, ordenanzas fiscais ou reguladora de prezos públicos.
- Exposición ao público por prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.
- Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión que se teña determinado, e aprobación definitiva, no seu caso, da ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte ao disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

3. Finalmente, no caso de que se teña proposto a xestión das actuacións que vai a desenvolver a Deputación, deberán adoptar cada un dos concellos o acordo de delegación e a posterior aceptación da Corporación provincial, coa maioría esixida polo artigo 47.2 h) da Lei 7/85, de bases de réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión das actividades ten que engadirse a relativa a xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

#### **Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.**

1. A xestión compartida do proxecto estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.

b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da Alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao servizo de Promoción económica, turismo e emprego da Deputación, coas funcións da base décimo cuarta.

#### **Novena.- Atribucións do Consello de dirección.**

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

a) Nomear a presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.

b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.

c) Aprobar inicialmente e proporlles ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.

d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.

e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, concesión de servizos, servizos,

subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.

f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.

g) Acordar a resolución do presente convenio.

h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

#### **Décima.- Distribución de votos e adopción de acordos.**

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.

2. Non obstante, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.

#### **Décimo primeira.- Réxime de sesións.**

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses sempre que existan asuntos a tratar, e extraordinaria cando así o dispoña a presidencia ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.

2. En tal caso, recibida a solicitude, a presidencia deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.

3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

#### **Décimo segunda.- Atribucións da presidencia.**

Corresponde á presidencia exercer as seguintes atribucións:

a) Convocar, presidir e dirixir as sesións da Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio.

b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto.

c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

### **Décimo terceira.- Disposicións xerais.**

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.
2. Subsidiariamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

### **Décimo cuarta.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.**

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

### **Décimo quinta.- Recursos humanos e materiais.**

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.
2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

### **Décimo sexta.- A separación dalgún membro.**

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos



da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumprido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase á súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

#### **Décimo sétima.- Modificación e resolución.**

1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
- b) Por disposición legal ou por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.
- c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.

3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

#### **Décimo oitava.- Entrada en vigor e aplicación.**

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base oitava.

2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio.

\*\*\*\*\*

## DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVICIOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 24/07/2024.na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

### **7 APROBAR A INSTALACIÓN DUN POSTO DE ACTUALIZACIÓN DE DOCUMENTACIÓN (PAD) NO CONCELLO DE RIANXO**

Dáse conta da proposta presentada

Visto o Plan de Identidade Dixital implementado pola Policía Nacional co obxectivo de mellorar a eficacia e a eficiencia da Administración Pública e a accesibilidade dos servizos públicos dixitais á cidadanía e ás empresas, e dinamizar e estender o uso da Identidade Dixital.

Visto que entre estas novas iniciativas destaca o coñecido co nome “DNI virtual”, que vai supoñer unha transformación do modo de relacionarse coa Administración Pública ou co sector privado, o que require ineludiblemente que non se vexa comprometida a garantía da identidade segura que a lexislación vixente atribúe ao DNI-e.

Visto que entre as diversas actuacións que se van a levar a cabo dentro do Plan de Identidade Dixital é a renovación de 351 Postos de Actualización de Documentación (PAD) instalados nas comisarías de Policía Nacional, que son os que permiten renovar os certificados do DNI, cambio de contrasinal para acceder aos certificados electrónicos e levar a cabo operacións de consultar de datos e verificación do DNI electrónico.

Visto que o proxecto de Plan de Identidade Dixital inclúe, así mesmo, a implantación do servizo de Puntos de Actualización de Documentación en sedes non policiais, naqueles municipios nos que a Policía Nacional non ten sede física, permitindo á cidadanía a realización de trámites tales como renovar as claves e certificados do DNI directamente no propio Concello, evitando desprazamentos innecesarios, garantindo unha mellor accesibilidade.

Vistas as características técnicas e os procedementos administrativos esixidos para a instalación dun Punto de Actualización de Documentación (PAD), de acordo coa documentación facilitada pola Xefatura Superior da Policía Nacional en Galicia, entre os que se inclúe o requisito do acordo do Pleno do Concello para a instalación do PAD.

Tendo en conta que as Administracións Públicas deben servir con obxectividade os intereses xerais e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao dereito, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas.

Tendo en conta que de conformidade coa artigo 140.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público as diferentes Administracións Públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo cos seguintes principio:

- Lealdade institucional.
- Adecuación á orde de distribución de competencias establecido na Constitución e nos Estatutos de Autonomía e na normativa do réxime local.
- Colaboración, entendida como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.
- Cooperacións, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha accións común.
- Coordinacións, en virtude do cal unha Administración Pública e, singularmente, a Administracións Xeral do Estado, ten a obrigaón de garantir a coherencia das actuacións das diferentes Administracións Públicas afectadas por unha mesma materia para a consecución dun resultado común, cando así o prevé a Constitución e o resto do ordenamento xurídico.
- Eficiencia na xestión dos recursos públicos, compartindo o uso de recursos común, salvo que non resulte posible ou se xustifique en termos do seu mellor aproveitamento.
- Responsabilidade de cada Administración Pública no cumprimento das súas obrigas e compromisos.
- Garantía e igualdade no exercicio dos dereitos de todos os cidadáns nas súas relacións coas diferentes Administracións.
- Solidariedade interterritorial de acordo coa Constitución.

Tendo en conta que no artigo 47.2 da citada Lei 40/2015, se sinala que entre os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público

vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, están aqueles convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións Públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismos público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Tendo en conta que de acordo co disposto no artigo 48.3 da citada Lei 40/2015 a subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Visto que a instalación no Concello de Rianxo dun Posto de Actualización de Documentación (PAD), dentro do proxecto de Plan de Identidade Dixital supón a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles.

En virtude do tenor das consideracións xurídicas expostas e de acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, elevo para o ditame da comisión informativa, a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a instalación dun Posto de Actualización de Documentación (PAD) no Concello de Rianxo.

**SEGUNDO.-** Solicitarlle ao Ministerio do Interior do Goberno de España, a través da Secretaría Xeral da Xefatura Superior da Policía Nacional en Galicia, a subscrición do oportuno convenio coa finalidade de efectuar a dita instalación.

**TERCEIRO.-** Facultar ao Alcalde – Presidente do Concello de Rianxo, Julián Bustelo Abuín, para a realización de cantas xestións, actuacións e actos requira a execución do presente acordo.

### **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA**

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 24/07/2024.na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo Rianxo en

Común e 4 dos membros do grupo PP), cero votos en contra e cinco abstencións (dos 5 membros do grupo PSOE) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

## **8 CONVENIO COA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU) PARA DELEGAR A COMPETENCIA DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

Dáse lectura da proposta presentada:

Exposición de motivos:

Visto que o Concello de Rianxo ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 151 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG, no sucesivo),

Visto o disposto no artigo 10 da LSG, segundo o cal, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, así como o desempeño de cantas outras competencias lle asignen as leis ou os seus estatutos,

Tendo en conta o recollido na memoria xustificativa da alcaldía de data 4/01/2024, na que se xustifica a adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, dado que *“o Dpto. de Urbanismo do Concello non conta actualmente con persoal suficiente para a realización de estas funcións, pois unicamente dispón dun técnico municipal que a día de hoxe asume a revisión dos expedientes de comunicacións previas, licenzas urbanísticas, licenzas de parcelación e segregación, así como das licenzas de actividade, etc.”*, motivando que un órgano independente como a Axencia de protección da legalidade urbanística asuma estas tarefas.

Visto o disposto no artigo 10 da LSG, segundo o cal, son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a aprobación previa do Pleno da Corporación e da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación, e será publicado no Diario Oficial de Galicia,

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá a coordinación das competencias das

entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas,

O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado,

En virtude do establecido no artigo 10 da LSG, a Axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados; neste senso, o artigo 9 dos Estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213 /2007, do 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribución á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na Axencia, nos supostos que determine a Lei urbanística autonómica, segundo se estableza no convenio de adhesión,

Visto o modelo de convenio de adhesión á Axencia de protección da legalidade urbanística para municipios de máis de 5.000 habitantes, aprobado polo Consello Executivo da Axencia de protección da legalidade urbanística no ano 2017, avalado polo informe Xurídico da Xunta de Galicia, cuxo texto facilitado pola Axencia de protección da legalidade urbanística, deberá xuntarse coma anexo á presente proposta de resolución plenaria,

Vista a memoria xustificativa da alcaldía do Convenio de adhesión de data 4/01/2024,

Visto o informe da arquitecta municipal de data do 30/11/2023 según o cal no Concello de Rianxo se contabilizan 47 núcleos de poboación delimitados,

Visto o Real Decreto 1085/2023 de 5 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes do Padrón municipal referidas a 1 de xaneiro de 2023 e según o cal a poboación de Rianxo ascende a 10.854 habitantes,

Visto o RC de de data 24/01/2024,

Visto o Informe xurídico da Secretaría da Corporación de data 25/01/2024,

Visto o informe de intervención de data 25/01/2024

En virtude do tenor das consideracións xurídicas expostas, e vistos os artigos 9 e 10 do Decreto 213/2007, do 13 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística; así coma de conformidade co indicado no artigo 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a sinatura do convenio por parte do concello precisa da previa aprobación do órgano plenario, co voto favorable de cando menos a maioría absoluta dos seus membros, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o texto definitivo do Convenio de adhesión á APLU que se anexa ao presente acordo.

**SEGUNDO.** Aprobar e dispoñer a contía orzamentaria de 3.525,00 € na aplicación 151/45390 co gallo de responder ás obrigas dimanadas da cláusula terceira, punto primeiro apartado a), do convenio interadministrativo, que indica na súa literalidade: "O Concello contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística cunha achega de 3.525,00 (75 euros por cada núcleo rural delimitado) que será transferida polo Concello á conta xeral da Axencia antes de enviar ao Diario Oficial de Galicia o anuncio de publicación do convenio".

**TERCEIRO.** Facultar á Alcaldía da Corporación para a formalización do presente convenio, coma representante da Administración de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7 /1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, entre outros preceptos concordantes.

**CUARTO.** Remitir certificado do presente acordo á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

**QUINTO.** Proceder á publicación do presente convenio no portal de transparencia da Sede Electrónica da Corporación, unha vez formalizado polas partes intervinientes aos efectos do seu xeral coñecemento, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no Diario Oficial de Galicia, trámite este que será efectuado pola propia Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

#### **CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA**

Santiago de Compostela, ... de ..... de dous mil ....

#### **INTERVEÑEN:**

Dunha parte, D. Julián Bustelo Abuín, alcalde do Concello de Rianxo, provincia da Coruña, en representación do Concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do

régime local.

E doutra parte, dona Ángeles Vázquez Mejuto, vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 63/2023, do 14 de xuño, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

#### **EXPOÑEN:**

Primeiro. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG, en adiante), no seu artigo 10, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que, voluntariamente, se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a aprobación previa do Pleno da Corporación e da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación, e será publicado no Diario Oficial de Galicia.

Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados polo Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e publicados no Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 16 de novembro.

Segundo. O Concello de Rianxo ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 151 e seguintes da LSG.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá a coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.



O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.

Terceiro. En virtude do establecido no artigo 10 da LSG, a Axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados.

Neste senso, o artigo 9 dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribución á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na Axencia, nos supostos que determine a Lei urbanística autonómica, segundo se estableza no convenio de adhesión.

Cuarto. Este convenio de adhesión obtivo a autorización previa do Pleno da Corporación municipal de Rianxo en sesión que tivo lugar o **XX de XX de 2021**, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG, e no artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Así mesmo, obtivo a aprobación da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, do.. de ...de.., de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG.

Os intervinientes recoñecen mutua capacidade para o outorgamento do presente convenio de adhesión, de conformidade coas seguintes

#### **ESTIPULACIÓNS:**

##### Primeira. Incorporación á Axencia

O Concello de Rianxo, provincia da Coruña, incorpórase e adhiérese como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto derivan, de conformidade co estipulado no presente convenio de adhesión e o establecido nos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e na Lei do solo de Galicia.

##### Segunda. Delegación de competencias

1. O Concello de Rianxo delega na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 151 e seguintes da LSG, en relación coas obras e usos do solo que

se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo:

- a) solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 31 e seguintes da LSG e disposición transitoria primeira da LSG).
- b) solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 27 e disposición transitoria primeira da LSG).
- c) e núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 23 e disposición transitoria primeira da LSG).

A Axencia exercerá efectivamente estas competencias desde o día seguinte ao da publicación do convenio no Diario Oficial de Galicia.

2. Nesta delegación de competencias non está incluída a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo Concello.

3. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola Axencia, en exercicio de competencias delegadas, corresponderalle igualmente a Axencia, logo do informe do Concello, que deberá emitirse no prazo máximo dun mes. Transcorrido este, continuarase coa tramitación do recurso.

4. A delegación de competencias poderá ser revogada en calquera momento polo Pleno da Corporación, coa maioría esixida no artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. A revogación será efectiva unha vez comunicada á Dirección da Axencia e publicada no Diario Oficial de Galicia.

Terceira.- Réxime económico.

1. O réxime económico do presente convenio establece coas seguintes condicións:

- a) o Concello contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística cunha achega de 3.525,00 euros (75 euros por cada núcleo rural delimitado) que será transferida polo Concello á conta xeral da Axencia antes de enviar ao Diario Oficial de Galicia o anuncio de publicación do convenio.
- b) a Axencia transferirá ao concello o 10% do produto das multas coercitivas e sancións, e como máximo, trinta mil euros anuais, efectivamente recadadas pola Axencia no termo municipal de

Rianxo;

2. O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia, en exercicio de competencias delegadas polo concello, serán ingresadas polos suxeitos obrigados directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Facenda o seu cobro pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao Concello unha cantidade equivalente ao 10% dos ingresos percibidos, e como máximo, trinta mil euros anuais, polas multas coercitivas e sancións recadadas no seu termo municipal.

Este modelo de financiamento será de aplicación ás multas coercitivas e sancións impostas a partir da entrada en vigor do Convenio, sen afectar ás multas e sancións impostas en períodos anteriores, aínda que se recaden unha vez entre en vigor o Convenio.

Cuarta. Obrigacións asumidas polo Concello

O Concello de Rianxo asume as seguintes obrigacións:

a) prestar a cooperación e asistencia activa que a Axencia lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias;

b) facilitarlle ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións;

c) cando os concellos adheridos remitan denuncias por obras e usos do solo sen licenza ou sen axustarse ás súas determinacións deberán achegar un informe técnico con contido suficiente para a incoación dos expedientes administrativos que procedan. En todo caso, e como mínimo, deberán identificarse as persoas responsables da actuación inspeccionada, as obras obxecto de expediente, así como os incumprimentos da normativa urbanística.

d) prestar o auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precinto de obras e identificar aos responsables de posibles infraccións;

e) absterse de outorgar licenzas urbanísticas que impliquen a legalización de obras e usos do solo respecto dos que a Axencia ordenase a súa demolición, cesamento ou restauración da realidade física alterada;

f) emitir informe previo á resolución dos recursos interpostos contra actos ditados pola Axencia en

exercicio de competencias delegadas, no prazo máximo dun mes. Transcorrido o cal continuarase coa tramitación do recurso.

g) contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos establecidos no presente convenio de adhesión;

h) e respectar as estipulacións do presente convenio e o establecido nos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro.

#### Quinta.- Programa de incorporación

A incorporación do Concello á Axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no Diario Oficial de Galicia.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidos á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

#### Sexta. Prazo de vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución do presente convenio producirase no suposto de que o Concello de Rianxo perda a condición de membro da Axencia por calquera das causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da Axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

#### Sétima. Interpretación do convenio

As controversias que puidesen xurdir na interpretación do presente convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello Executivo da Axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

#### Oitava.- Protección de Datos de Carácter Persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa

vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto)."

E para que así conste, asinan o presente convenio de adhesión, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo Concello de Rianxo  
O alcalde,

Pola Xunta de Galicia  
A vicepresidenta segunda e conselleira de  
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Julián Bustelo Abuín

Ángeles Vázquez Mejuto

### DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 01/02/2024.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 6 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo Rianxo en Común) 5 votos en contra (5 dos membros do grupo PSOE) e 4 abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **NON APROBADA** ao precisarse o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

### PARTE DE CONTROL

#### 9 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/06/2024 ata o 30/06/2024, que comprenden os números 507/2024 ao 607/2024, e que se trasladaron aos

membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

### **O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.**

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta N° 11 da Sesión ordinaria do día 06/06/2024
- Acta n° 12 da Sesión ordinaria do día 30/06/2024
- Acta n° 13 da sesión ordinaria do día 04/07/2024
- Acta n° 14 da sesión ordinaria do día 18/07/2024

### **O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.**

#### **10 MOCIÓN DA ALCALDÍA: SUMARSE Á REIVINDICACIÓN DE MELLORAS E INVESTIMENTO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA NO COLEXIO CEP XOSÉ MARÍA BREA SEGADE**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a SUMARSE Á REIVINDICACIÓN DE MELLORAS E INVESTIMENTO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA NO COLEXIO CEP XOSÉ MARÍA BREA SEGADE sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Colexio de Educación Primaria Xosé Ma Brea Segade, situado no concello de Rianxo, foi un pilar fundamental na educación de numerosos nenos e nenas da nosa localidade. Non obstante, nos últimos anos, o centro enfrontou unha serie de desafíos e carencias que afectaron a calidade da educación que se ofrece e mesmo a seguridade tanto dos alumnos e alumnas, coma dos propios docentes que alí dan clase a diario.. É fundamental abordar estas deficiencias con especial atención nos aspectos de seguridade, accesibilidade e eficiencia enerxética para garantir un entorno adecuado e seguro para os nosos estudantes.

Entre as principais áreas de mellora atópanse:

**1. Seguridade:** As instalacións do colexio necesitan unha revisión e actualización en materia de seguridade. Isto inclúe a adecuación das saídas de emerxencia, o cumprimento da OCA eléctrica

antes de outubro de 2024, a mellora no sistema de alarma e detección de incendios (PCI), e a mellora das condicións estruturais para asegurar a integridade física dos edificios.

**2. Accesibilidade:** É imprescindible que as instalacións do colexio sexan accesibles para todos os estudantes, incluíndo aqueles con mobilidade reducida. Isto require a adaptación dos accesos, a instalación de ascensores e rampas, e a adecuación dos baños e outros espazos comúns para cumprir coas normativas de accesibilidade.

**3. Eficiencia Enerxética:** A implementación de medidas de eficiencia enerxética é crucial para reducir o consumo de enerxía e mellorar o confort térmico do colexio. Isto inclúe a renovación dos sistemas de calefacción, a mellora do illamento térmico dos edificios, e a instalación de sistemas de enerxía renovable, como paneis solares.

Por todo o anterior, e considerando o dereito a unha educación digna e de calidade para todos os nenos e nenas de Rianxo, propoñemos ao Pleno do Concello de Rianxo adoptar a seguinte moción:

#### **Acordos**

**1. Instar á Xunta de Galicia** que destine os recursos necesarios para a mellora e modernización das infraestruturas do Colexio CEP Xosé Ma Brea Segade, cun enfoque prioritario na seguridade, accesibilidade e eficiencia enerxética, asegurando que as instalacións cumpran cos estándares adecuados nestes ámbitos.

**2. Instar a Xunta de Galicia** a aplicar o desdoble de prazas no curso de 3º de Primaria ou a garantir un/unha mestra de apoio a esa aula.

**3. Compromiso do Concello:** O Pleno do Concello de Rianxo (incluíndo a todos os partidos políticos) comprométese a apoiar activamente estas reivindicacións e a colaborar coa dirección do centro, as asociacións de pais e nais, e outros actores relevantes para asegurar que as demandas se materialicen en accións concretas e efectivas.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

#### **11 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA** sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo , de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN.

**Título MOCIÓN:** Moción en defensa do servizo básico e esencial da educación pública

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Rematado o curso escolar 2023-2024 é hora de facer valoración e unha avaliación das medidas que a consellería de educación da Xunta de Galicia levou a cabo neste curso a prol do ensino público de calidade no noso concello. Os **gobiernos locais** afóganse economicamente asumindo funcións que non lle corresponden; familias afogadas economicamente e sen **transporte** para que os seus fillos e fillas teñan unha Formación Profesional básica; **infraestruturas** de colexios e institutos non adecuados á modernización das ensinanzas de calidade e básicas; **colexios do rural** cada curso con menos docentes, menos recursos e máis peches.

Denunciamos que a Xunta de Galicia deriva cada vez máis competencias aos concellos sen dotalas de financiamento, o que afoga as economías municipais. Os **gobiernos locais** asumimos como propias, con cargo a arcas municipais, competencias da administración autonómica, como son o mantemento, conservación, limpeza, vixilancia e conserxería. Estamos nunha constante loita entre as competencias da administración local e autonómica cada vez que temos que asumir un gasto dos centros escolares en cuestión xa non de mantemento senón de inversión, algo que pola lei de racionalización das entidades locais, nós non podemos asumir. E sexamos realistas, a maioría dos **centros educativos** contan con máis de 40 anos dende a súa construción, polo tanto xa non se trata dunha cuestión de reparación se non de investimento. Pero neste fogo cruzado sempre perden os centros escolares dos nosos concellos e polo tanto as nosas nenas e os nosos nenos. Non podemos seguir asumindo esta situación por máis tempo. É preciso que a Consellería de Educación asuma dunha vez por todas as súas responsabilidades e deixe de afogar economicamente co seu desleixo aos concellos.

**O transporte Escolar é deficiente** para alumnado de ensinanzas de Bacharelato e de Formación Profesional, sobre todo no ámbito rural, onde moitas das familias teñen que afrontar o gasto do transporte ou mesmo son as familias quen se fan cargo do traslado en coche propio dos seus fillos e fillas aos institutos de Formación Profesional.



Por outra banda, seguindo as peticións das familias e do propio persoal dos centros educativos do noso concello, é necesaria tamén unha **inversión en recursos humanos** e en profesorado tanto en docentes en xeral como en profesionais especialistas (Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación, etc...). Cada curso escolar vemos como se suprime profesorado especialista e de apoio a alumnado con necesidades educativas especiais, sobre todo nos **colexios rurais**.

Como se pode observar, o goberno do Partido Popular suspende en garantir unha educación pública de calidade, o único no que aproba é nos recortes educativos e na incapacidade de asumir competencias propias. Iso dáse ben a este goberno, sobre todo nas **zonas do rural** e que estes cursos anteriores tamén chegaron ás grandes cidades. Os recortes efectuados xunto coa incapacidade de cumprir coas competencias propias **consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos** que abundan na seu deterioro. Os continuos recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un **incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación**. Por isto temos que dicir que o goberno da **Xunta de Galicia suspende** en inversión efectiva na educación pública, considerando así que un goberno que non inverte na mellora educativa do seu país debería **non promocionar**. Si o goberno non promociona a sociedade tampouco, retrocedendo e quedando á cola de España e moito máis aínda da Comunidade Europea.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propoñen a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Rianxo insta ao Goberno da Xunta de Galicia a:

1. **Asumir os custos** de mantemento, conservación, vixilancia e conserxería dos centros educativos con titularidade da Xunta de Galicia, que tanto está agravando as economías municipais.
2. Garantir **o servizo de transporte escolar gratuíto** para facilitar o acceso ao sistema de educación pública ao alumnado de Bacharelato e Formación Profesional.
3. **Incrementar** o número de docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe de acordo as necesidades dos centros que permita dar unha atención adecuada ao alumnado con NEAE, **incrementar** o número de profesorado dos centros escolares como apoio do persoal existente e **augmentar** o persoal do Equipo de Orientación Específico.
4. **Modificar os criterios DE ASIGNACIÓN de mestres/as de apoio ás necesidades, e**

**establecer criterios asociados as necesidades propias dos nenos/as , favorence o criterio de porcentaxe de necesidade, e non en base ó número de nenos/as, obviando realmente as necesidades que debemos atender**

5. Elaborar un **plan específico** e estratéxico de organización do sistema educativo actual priorizando e potenciando as **escolas do rural**, e favorecendo os procesos de conciliación cos recursos que sexan necesarios.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e 4 abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

## **12 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: SUBA DO CANÓN QUE OS CONCELLOS ABONAN A SOGAMA POLA XESTIÓN DOS SEUS RESIDUOS**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a SUBA DO CANÓN QUE OS CONCELLOS ABONAN A SOGAMA POLA XESTIÓN DOS SEUS RESIDUOS sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo , de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN.

**Título MOCIÓN:** Suba do cánon que os Concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros asi coma a repercutir esta rebaixa

nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

Hai uns días SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do cánon para os meses que quedan de 2024 quedando a cantidade a abonar en 66,01 €/t para todos os concellos e unha suba para 2025 de 78 €/t de media.

Para compensar esta suba anuncia que disporá do fondo de cooperación local, o que reducirá en 12 € esta suba quedando, finalmente, en 66,01 € a cantidade a abonar tamén en 2025.

O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos y suelos contaminados para unha economía circular que provoca uns sobrecostos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos y que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva, nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo municipal socialista denunciámos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón

ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.

E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do cánon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Rianxo presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Rianxo insta a :

1.- Manter o canon actual imposto aos Concellos galegos adscritos a SOGAMA de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

E manter tamén a actual bonificación do 15% deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

2.- Axudar economicamente aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación do colector marrón e, por tanto, quedan fóra da bonificación do 15% non canon de Sogama.

3.- Implantar medidas urxentes cara modificar a actual política de xestión de residuos primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro.

4.- Ampliar as plantas de biorresiduos existentes coma estaba previsto no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2016-2022 para favorecer a xestión de proximidade.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común ), 4 votos en contra (dos 4 membros do grupo PP e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación,

resulta **APROBADA** nos termos desta

### **13 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE: MODIFICACIÓNS DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS RELATIVAS AO SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE RIANXO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MODIFICACIÓNS DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS RELATIVAS AO SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE RIANXO sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo , de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN.

**Título MOCIÓN:** Moción para a Modificación das Partidas Orzamentarias Relativas ao Servizo de Protección Civil do Concello de Rianxo

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O servizo de Protección Civil é un pilar fundamental para garantir a seguridade e benestar da cidadanía de Rianxo, e para o desenvolvemento de moitas actividades sociais, culturais e deportivas. Este servizo, composto por un equipo dedicado e capacitado, traballa incansablemente para previr e responder a situacións de emerxencia que poidan afectar á nosa veciñanza. Porén, é necesario recoñecer que as necesidades e desafíos que afronta o Servizo de Protección Civil evolucionan co tempo, e é imprescindible que o noso orzamento reflecta esta realidade.

Actualmente, as partidas orzamentarias destinadas a Protección Civil non son suficientes para cubrir as crecentes demandas do servizo.

Estas inclúen:

Elementos de transporte 2.000€

Combustible: 2.000€

Vestuario 100€

Productos farmacéuticos 100€

Seguros 1.800€

Tributos locais 3.000€

Votamos de menos aspectos relacionados coa formación continua de voluntarios e persoal, e a implementación de novas tecnoloxías para mellorar a eficiencia e eficacia na resposta a emerxencias, prcesos de información á veciñanza

É fundamental garantir que Protección Civil conte cos recursos necesarios para levar a cabo a súa labor de maneira óptima. Por iso, propoñemos a revisión e modificación das partidas orzamentarias destinadas a este servizo, asegurando que se aliñen coas necesidades actuais e futuras de Protección Civil en Rianxo.

### **Conclusión**

O Servizo de Protección Civil é esencial para a seguridade e benestar de todos os habitantes de Rianxo. Asegurar que este servizo conte cos recursos necesarios é unha responsabilidade compartida por todas as forzas políticas e a veciñanza en xeral. Con esta moción, buscamos fortalecer a Protección Civil, garantindo a súa capacidade para protexer e servir á nosa comunidade de maneira efectiva e eficiente.

Proposta de Acordo

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSDG de Rianxo eleva ao Pleno do Concello de Rianxo a seguinte MOCIÓN:

**Primeiro.** Instar ao equipo de goberno do Concello de Rianxo a realizar unha revisión exhaustiva das partidas orzamentarias actuais destinadas ao Servizo de Protección Civil, co fin de identificar e corrixir deficiencias na asignación de recursos, tratando de garantir unha aportación de 20.000€

**Segundo.** Proceder á modificación das partidas orzamentarias pertinentes, incrementando os fondos destinados a:

- a. A actualización e adquisición de equipos e materiais necesarios para o correcto desempeño das funcións de Protección Civil.
- b. A formación e capacitación continua dos voluntarios e persoal de Protección Civil, garantindo

que estean debidamente preparados para afrontar calquera situación de emerxencia.

c. A implementación e mantemento de novas tecnoloxías e sistemas de comunicación que permitan unha resposta máis rápida e eficiente ante emerxencias.

d. A promoción e realización de campañas de sensibilización e prevención dirixidas á cidadanía, co obxectivo de mellorar a cultura de seguridade e prevención no noso municipio.

**Terceiro.** Establecer un comité de seguimento, composto por representantes doa Corporación Municipal Concello, membros de Protección Civil e expertos na materia, que se encargue de supervisar a correcta aplicación dos fondos e avaliar periodicamente as necesidades do servizo.

**Cuarto.** Informar á cidadanía das medidas adoptadas e dos avances logrados na mellora do Servizo de Protección Civil, promovendo a transparencia e a participación cidadá neste proceso.

**Quinto.** Propoñer os departamento de Cultura ou deportes, tamén como encargados/responsables das aprobación de crédito das actuación que leven a cabo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 7 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PSOE), cero votos en contra e 8 abstencións (dos 4 membros do grupo PP e 4 membros de Rianxo en Común) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

#### **14 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Sarela Betanzos Freire, en nome e representación do grupo municipal do BNG do concello de

Rianxo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros e a incineración e coincineración de residuos, artículase como un tributo de carácter indirecto que recae sobre os residuos que se tratan mediante estas operacións de xestión, e xa está vixente en varias Comunidades Autónomas desde hai anos.

Configúrase como imposto estatal aplicable en todo o estado español, estando prevista a cesión do mesmo ás Comunidades Autónomas mediante a adopción dos correspondentes acordos nos marcos institucionais de cooperación en materia de financiamento autonómico establecidos no ordenamento xurídico.

Así mesmo, a cesión da recadación deste imposto, pode permitir ás Comunidades Autónomas, no exercicio da súa autonomía financeira-, incrementar o financiamento destinado a medidas de mellora da xestión de residuos que reforcen as opcións prioritarias fronte ás menos sostibles.

A través da Lei 36/2022, do 27 de decembro, pola que se modificou a Lei do Réxime de Cesión de Tributos do Estado a Galiza, materializouse a cesión do referido Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos. Como consecuencia, na Galiza tense previsto ingresar en 2024 a cantidade de 12.150.039 de euros.

Conforme ao establecido no punto 1 do artigo 59 da Lei9/2023,do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais Galegos para o ano 2024, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da administración xeral, quedou establecida no 2,3200880% para o exercicio de 2024,sumando un total de 152.278.957 de euros.

A Comunidade Autónoma de Galiza detraeu desta participación dos concellos galegos, entre outros, 12,1 millóns de euros para a creación do Fondo Ambiental, que supostamente é a achega que realiza a Xunta de Galicia para minorar o canon por incineración e vertedoiro. **Mais a realidade é que esta achega é realizada polos propios concellos ao ser detraída do seu sistema de financiamento.**

Este ano produciuse unha situación excepcional, derivada de que a Consellería de Medio Ambiente non determinou nos orzamentos 2024 o prezo por Tonelada a aboar polas entidades locais, e non publicou a resolución anual pola que se aproba a proposta de revisión do canon unitario que percibirá SOGAMA pola xestión de residuos domésticos ou urbanos no ano 2024. Agora, xa máis de mediado o ano 2024, SOGAMA propón fixar un canon medio de 78 euros por tonelada (68,05 euros de xaneiro a xuño e 88,05 euros de xullo a decembro).

SOGAMA, a través dun escrito remitido á Fegamp, e nunha información elevada a todos os



concellos, anunciou que a Xunta de Galiza achegará 9 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local adicional, co fin de minimizar o impacto da medida sobre as entidades locais, polo que o canon final sería de 66€/Tonelada de media anual.

A Fegamp, como entidade asociativa máis representativa das entidades locais, formulou alegacións manifestando a súa oposición á suba do canon.

Resulta paradoxal que, sendo o Goberno do PP no seu día o que preveu, coa creación de SOGAMA, unha xerarquización nas opcións de tratamento dos residuos, que preferiu optar pola incineración con recuperación de enerxía e non incluíndo o tratamento da compostaxe (que se considerou coma unha forma de valoración alternativa a pesar da oposición de moitas entidades locais), sexa agora o que se beneficie dos ingresos do imposto que penaliza esta opción.

**O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico**, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%.

Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

**Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello de Rianxo, O Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte ACORDO:**

#### **1. Instar á Xunta de Galiza a:**

a) **O reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional.** Utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello. Pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do Fondo de Cooperación Local.

b) A achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para **implementar bonificacións no Canon dos concellos**, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

c) A creación dunha **comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP**, para determinar as **condicións do Canon para o ano 2025** antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano e debater sobre o **cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza**, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto colector, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou

financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e 4 abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

## 15 ROGOS E PREGUNTAS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000012 e identificado pola pegada dixital:

**bf4abaa927de0fd9bbdfa154d5cabaf8e982ce4a6eaaaa4959e9282e2c57ec54**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=J4SPu73oX8M>**